



## 1. Identificación da programación

### Centro educativo

| Código   | Centro         | Concello | Ano académico |
|----------|----------------|----------|---------------|
| 36013448 | Manuel Antonio | Vigo     | 2024/2025     |

### Ciclo formativo

| Código da familia profesional | Familia profesional  | Código do ciclo formativo | Ciclo formativo          | Grao                            | Réxime                |
|-------------------------------|----------------------|---------------------------|--------------------------|---------------------------------|-----------------------|
| HOT                           | Hostalaría e turismo | CMHOT02                   | Servizos en restauración | Ciclos formativos de grao medio | Réxime de proba libre |

### Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)

| Código MP/UF | Nome                                                                                  | Curso     | Sesións semanais | Horas anuais | Sesións anuais |
|--------------|---------------------------------------------------------------------------------------|-----------|------------------|--------------|----------------|
| MP0157       | Formación e orientación laboral                                                       | 2024/2025 | 0                | 107          | 0              |
| MP0157_22    | Equipos de traballo, dereito do traballo e da seguridade social, e procura de emprego | 2024/2025 | 0                | 62           | 0              |
| MP0157_12    | Prevención de riscos laborais                                                         | 2024/2025 | 0                | 45           | 0              |

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

### Profesorado responsable

|                                |                               |
|--------------------------------|-------------------------------|
| Profesorado asignado ao módulo | ELENA MARIA DE TORRES DE DIOS |
| Outro profesorado              |                               |

Estado: Supervisada



## **2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación**

### **2.1. Primeira parte da proba**

#### **2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

| <b>Resultados de aprendizaxe do currículo</b>                                                                                                                                                |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| (MP0157_22) RA1 - Participa responsablemente en equipos de traballo eficientes que contribúan á consecución dos obxectivos da organización.                                                  |
| (MP0157_12) RA1 - Recoñece os dereitos e as obrigas das persoas traballadoras e empresarias relacionados coa seguridade e a saúde laboral.                                                   |
| (MP0157_22) RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.                                              |
| (MP0157_12) RA2 - Avalía as situacións de risco derivadas da súa actividade profesional analizando as condicións de traballo e os factores de risco máis habituais do sector da restauración |
| (MP0157_22) RA3 - Determina a acción protectora do sistema de seguridade social ante as continxencias cubertas, e identifica as clases de prestacións.                                       |
| (MP0157_12) RA3 - Participa na elaboración dun plan de prevención de riscos e identifica as responsabilidades de todos os axentes implicados.                                                |
| (MP0157_12) RA4 - Determina as medidas de prevención e protección no contorno laboral da titulación de técnico en servizos en restauración.                                                  |
| (MP0157_22) RA4 - Planifica o seu itinerario profesional seleccionando alternativas de formación e oportunidades de emprego ao longo da vida.                                                |

#### **2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado**

| <b>Criterios de avaliación do currículo</b>                                                                                                                                                                  |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| (MP0157_22) CA1.1 Identificáronse os equipos de traballo en situacións de traballo relacionadas co perfil de técnico en servizos en restauración e valoráronse as súas vantaxes sobre o traballo individual. |
| (MP0157_12) CA1.1 Relaciónáronse as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora.                                                                                                                    |
| (MP0157_22) CA1.2 Determináronse as características do equipo de traballo eficaz fronte ás dos equipos ineficaces.                                                                                           |
| (MP0157_12) CA1.2 Distinguíronse os principios da acción preventiva que garanten o dereito á seguridade e á saúde das persoas traballadoras.                                                                 |
| (MP0157_22) CA1.3 Adoptáronse responsablemente os papeis asignados para a eficiencia e a eficacia do equipo de traballo.                                                                                     |



**ANEXO III**  
**MODELO DE PROGRAMACIÓN DE PROBA LIBRE DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

| Criterios de avaliación do currículo                                                                                                                                                                                            |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| (MP0157_12) CA1.3 Apreciouse a importancia da información e da formación como medio para a eliminación ou a redución dos riscos laborais.                                                                                       |
| (MP0157_22) CA1.4 Empregáronse axeitadamente as técnicas de comunicación no equipo de traballo para recibir e transmitir instrucións e coordinar as tarefas.                                                                    |
| (MP0157_12) CA1.4 Comprenderonse as actuacións axeitadas ante situacións de emerxencia e risco laboral grave e inminente.                                                                                                       |
| (MP0157_22) CA1.5 Determináronse procedementos para a resolución dos conflitos identificados no seo do equipo de traballo.                                                                                                      |
| (MP0157_12) CA1.5 Valoráronse as medidas de protección específicas de persoas traballadoras sensibles a determinados riscos, así como as de protección da maternidade e a lactación, e de menores.                              |
| (MP0157_22) CA1.6 Aceptáronse de forma responsable as decisións adoptadas no seo do equipo de traballo.                                                                                                                         |
| (MP0157_12) CA1.6 Analizáronse os dereitos á vixilancia e protección da saúde no sector da restauración.                                                                                                                        |
| (MP0157_22) CA1.7 Analizáronse os obxectivos alcanzados polo equipo de traballo en relación cos obxectivos establecidos, e coa participación responsable e activa dos seus membros.                                             |
| (MP0157_12) CA1.7 Asumiuse a necesidade de cumprir as obrigas das persoas traballadoras en materia de prevención de riscos laborais.                                                                                            |
| (MP0157_22) CA2.1 Identifícanse o ámbito de aplicación, as fontes e os principios de aplicación do dereito do traballo.                                                                                                         |
| (MP0157_12) CA2.1 Determináronse as condicións de traballo con significación para a prevención nos contornos de traballo relacionados co perfil profesional de técnico en servizos en restauración.                             |
| (MP0157_22) CA2.2 Distingúronse os principais organismos que interveñen nas relacións laborais.                                                                                                                                 |
| (MP0157_12) CA2.2 Clasifícanse os factores de risco na actividade e os danos derivados deles.                                                                                                                                   |
| (MP0157_22) CA2.3 Identifícanse os elementos esenciais dun contrato de traballo.                                                                                                                                                |
| (MP0157_12) CA2.3 Clasifícanse e describíronse os tipos de danos profesionais, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais, relacionados co perfil profesional de técnico servizos en restauración. |
| (MP0157_22) CA2.4 Analizáronse as principais modalidades de contratación e identifícanse as medidas de fomento da contratación para determinados colectivos.                                                                    |
| (MP0157_12) CA2.4 Identifícanse as situacións de risco máis habituais nos contornos de traballo das persoas coa titulación de técnico en servizos en restauración.                                                              |
| (MP0157_22) CA2.5 Valoráronse os dereitos e as obrigas que se recollen na normativa laboral.                                                                                                                                    |



**ANEXO III**  
**MODELO DE PROGRAMACIÓN DE PROBA LIBRE DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

| Criterios de avaliación do currículo                                                                                                                                                                                                   |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| (MP0157_12) CA2.5 Levouse a cabo a avaliación de riscos nun contorno de traballo, real ou simulado, relacionado co sector de actividade do título.                                                                                     |
| (MP0157_22) CA2.6 Determináronse as condicións de traballo pactadas no convenio colectivo aplicable ou, en ausencia deste, as condicións habituais no sector profesional relacionado co título de técnico en servizos en restauración. |
| (MP0157_22) CA2.7 Valoráronse as medidas establecidas pola lexislación para a conciliación da vida laboral e familiar, e para a igualdade efectiva entre homes e mulleres.                                                             |
| (MP0157_22) CA2.8 Analizouse o recibo de salarios e identificáronse os principais elementos que o integran.                                                                                                                            |
| (MP0157_22) CA2.9 Identificáronse as causas e os efectos da modificación, a suspensión e a extinción da relación laboral.                                                                                                              |
| (MP0157_22) CA2.10 Identificáronse os órganos de representación das persoas traballadoras na empresa.                                                                                                                                  |
| (MP0157_22) CA2.11 Analizáronse os conflitos colectivos na empresa e os procedementos de solución.                                                                                                                                     |
| (MP0157_22) CA2.12 Identificáronse as características definitorias dos novos contornos de organización do traballo.                                                                                                                    |
| (MP0157_22) CA3.1 Valorouse o papel da seguridade social como pilar esencial do estado social e para a mellora da calidade de vida da cidadanía.                                                                                       |
| (MP0157_12) CA3.1 Valorouse a importancia dos hábitos preventivos en todos os ámbitos e en todas as actividades da empresa.                                                                                                            |
| (MP0157_22) CA3.2 Delimitouse o funcionamento e a estrutura do sistema da seguridade social.                                                                                                                                           |
| (MP0157_12) CA3.2 Clasificáronse os xeitos de organización da prevención na empresa en función dos criterios establecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais.                                                            |
| (MP0157_22) CA3.3 Identificáronse, nun suposto sinxelo, as bases de cotización dunha persoa traballadora e as cotas correspondentes a ela e á empresa.                                                                                 |
| (MP0157_12) CA3.3 Determináronse os xeitos de representación das persoas traballadoras na empresa en materia de prevención de riscos.                                                                                                  |
| (MP0157_22) CA3.4 Determináronse as principais prestacións contributivas da seguridade social, os seus requisitos e a súa duración, e realizouse o cálculo da súa contía nalgúns supostos prácticos.                                   |
| (MP0157_12) CA3.4 Identificáronse os organismos públicos relacionados coa prevención de riscos laborais.                                                                                                                               |
| (MP0157_22) CA3.5 Determináronse as posibles situacións legais de desemprego en supostos prácticos sinxelos, e realizouse o cálculo da duración e da contía dunha prestación por desemprego de nivel contributivo básico.              |
| (MP0157_12) CA3.5 Valorouse a importancia da existencia dun plan preventivo na empresa que inclúa a secuencia de actuacións para realizar en caso de emerxencia.                                                                       |



| Criterios de avaliación do currículo                                                                                                                                                                                                         |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| (MP0157_12) CA3.6 Estableceuse o ámbito dunha prevención integrada nas actividades da empresa, e determináronse as responsabilidades e as funcións de cadaquén.                                                                              |
| (MP0157_12) CA3.7 Definiuse o contido do plan de prevención nun centro de traballo relacionado co sector profesional da titulación de técnico en servizos en restauración.                                                                   |
| (MP0157_12) CA3.8 Proxectouse un plan de emerxencia e evacuación para nunha pequena ou mediana empresa do sector de actividade do título.                                                                                                    |
| (MP0157_22) CA4.1 Valoráronse as propias aspiracións, motivacións, actitudes e capacidades que permitan a toma de decisións profesionais.                                                                                                    |
| (MP0157_12) CA4.1 Definíronse as técnicas e as medidas de prevención e de protección que se deben aplicar para evitar ou diminuír os factores de risco, ou para reducir as súas consecuencias no caso de materializarse.                     |
| (MP0157_22) CA4.2 Tomouse conciencia da importancia da formación permanente como factor clave para a empregabilidade e a adaptación ás esixencias do proceso produtivo.                                                                      |
| (MP0157_12) CA4.2 Analizouse o significado e o alcance da sinalización de seguridade de diversos tipos.                                                                                                                                      |
| (MP0157_22) CA4.3 Valoráronse as oportunidades de formación e emprego noutros estados da Unión Europea.                                                                                                                                      |
| (MP0157_12) CA4.3 Seleccionáronse os equipamentos de protección individual (EPI) axeitados ás situacións de risco atopadas.                                                                                                                  |
| (MP0157_22) CA4.4 Valorouse o principio de non-discriminación e de igualdade de oportunidades no acceso ao emprego e nas condicións de traballo.                                                                                             |
| (MP0157_12) CA4.4 Analizáronse os protocolos de actuación en caso de emerxencia.                                                                                                                                                             |
| (MP0157_22) CA4.5 Deseñáronse os itinerarios formativos profesionais relacionados co perfil profesional de técnico en servizos en restauración.                                                                                              |
| (MP0157_12) CA4.5 Identificáronse as técnicas de clasificación de persoas feridas en caso de emerxencia, onde existan vítimas de diversa gravidade.                                                                                          |
| (MP0157_22) CA4.6 Determináronse as competencias e as capacidades requiridas para a actividade profesional relacionada co perfil do título, e seleccionouse a formación precisa para as mellorar e permitir unha axeitada inserción laboral. |
| (MP0157_12) CA4.6 Identificáronse as técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante danos de diversos tipos, así como a composición e o uso da caixa de urxencias.                                   |
| (MP0157_22) CA4.7 Identificáronse as principais fontes de emprego e de inserción laboral para as persoas coa titulación de técnico en servizos en restauración.                                                                              |
| (MP0157_22) CA4.8 Empregáronse adecuadamente as técnicas e os instrumentos de procura de emprego.                                                                                                                                            |
| (MP0157_22) CA4.9 Prevíronse as alternativas de autoemprego nos sectores profesionais relacionados co título.                                                                                                                                |



## **2.2. Segunda parte da proba**

### **2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

| <b>Resultados de aprendizaxe do currículo</b>                                                                                                                                                |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| (MP0157_12) RA1 - Recoñece os dereitos e as obrigas das persoas traballadoras e empresarias relacionados coa seguridade e a saúde laboral.                                                   |
| (MP0157_22) RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.                                              |
| (MP0157_12) RA2 - Avalía as situacións de risco derivadas da súa actividade profesional analizando as condicións de traballo e os factores de risco máis habituais do sector da restauración |
| (MP0157_22) RA3 - Determina a acción protectora do sistema de seguridade social ante as continxencias cubertas, e identifica as clases de prestacións.                                       |
| (MP0157_12) RA3 - Participa na elaboración dun plan de prevención de riscos e identifica as responsabilidades de todos os axentes implicados.                                                |
| (MP0157_12) RA4 - Determina as medidas de prevención e protección no contorno laboral da titulación de técnico en servizos en restauración.                                                  |

### **2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado**

| <b>Criterios de avaliación do currículo</b>                                                                                                                                                                               |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| (MP0157_12) CA1.5 Valoráronse as medidas de protección específicas de persoas traballadoras sensibles a determinados riscos, así como as de protección da maternidade e a lactación, e de menores.                        |
| (MP0157_12) CA2.5 Levouse a cabo a avaliación de riscos nun contorno de traballo, real ou simulado, relacionado co sector de actividade do título.                                                                        |
| (MP0157_22) CA2.9 Identificáronse as causas e os efectos da modificación, a suspensión e a extinción da relación laboral.                                                                                                 |
| (MP0157_12) CA3.2 Clasificáronse os xeitos de organización da prevención na empresa en función dos criterios establecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais.                                               |
| (MP0157_22) CA3.3 Identificáronse, nun suposto sinxelo, as bases de cotización dunha persoa traballadora e as cotas correspondentes a ela e á empresa.                                                                    |
| (MP0157_12) CA3.3 Determináronse os xeitos de representación das persoas traballadoras na empresa en materia de prevención de riscos.                                                                                     |
| (MP0157_22) CA3.4 Determináronse as principais prestacións contributivas da seguridade social, os seus requisitos e a súa duración, e realizouse o cálculo da súa contía nalgúns supostos prácticos.                      |
| (MP0157_22) CA3.5 Determináronse as posibles situacións legais de desemprego en supostos prácticos sinxelos, e realizouse o cálculo da duración e da contía dunha prestación por desemprego de nivel contributivo básico. |



Criterios de avaliación do currículo

(MP0157\_12) CA3.5 Valorouse a importancia da existencia dun plan preventivo na empresa que inclúa a secuencia de actuacións para realizar en caso de emerxencia.

(MP0157\_12) CA4.2 Analizouse o significado e o alcance da sinalización de seguridade de diversos tipos.

(MP0157\_12) CA4.3 Seleccionáronse os equipamentos de protección individual (EPI) axeitados ás situacións de risco atopadas.

**3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación**

UF1. Prevención de Riscos Laborais:

- Conceptos básicos de seguridade e saúde laboral.
- Análise dos dereitos e das obrigas das persoas traballadoras e empresarias en prevención de riscos laborais.
- Análise de factores de risco ligados a condicións de seguridade, ambientais, ergonómicas e psicosociais.
- Determinación dos danos á saúde da persoa traballadora que se poden derivar das condicións de traballo e dos factores de risco detectados.
- Riscos específicos no sector en función das probables consecuencias, do tempo de exposición e dos factores de risco implicados.
- Xestión da prevención na empresa: funcións e responsabilidades.
- Órganos de representación e participación das persoas traballadoras en prevención de riscos laborais.
- Planificación da prevención na empresa.
- Plans de emerxencia e de evacuación en contornos de traballo
- Medidas de prevención e protección individual e colectiva.
- Protocolo de actuación ante unha situación de emerxencia.
- Aplicación das técnicas de primeiros auxilios

UF. 2 Equipos de traballo, dereito do traballo e da Seguridade Social e procura de emprego:

- Diferenciación entre grupo e equipo de traballo.
- Valoración das vantaxes e os inconvenientes do traballo de equipo para a eficacia da organización.
- Equipos no sector segundo as funcións que desempeñen.



- Participación no equipo de traballo: desempeño de papeis, comunicación e responsabilidade.
- Conflito: características, tipos, causas e etapas.
- Técnicas para a resolución ou a superación do conflito.
- Dereito do traballo.
- Organismos públicos (administrativos e xudiciais) que interveñen nas relacións laborais.
- Dereitos e deberes derivados da relación laboral.
- Modalidades de contrato de traballo e medidas de fomento da contratación
- Análise das principais condicións de traballo: clasificación e promoción profesional, tempo de traballo, retribución, etc.
- Análise dun convenio colectivo aplicable ao ámbito profesional da titulación do ciclo
- Representación das persoas traballadoras na empresa.
- Conflitos colectivos.
- Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo
- Estrutura do sistema de Seguridade Social.
- Determinación das principais obrigas das persoas empresarias e das traballadoras en materia de seguridade social.
- Protección por desemprego.
- Prestacións contributivas da seguridade social.
- Coñecemento dos propios intereses e das propias capacidades formativo-profesionais.
- Importancia da formación permanente para a traxectoria laboral e profesional das persoas coa titulación do ciclo
- Itinerarios formativos relacionados coa titulación de técnico superior do ciclo
- Definición e análise do sector profesional do título de técnico superior do ciclo
- Proceso de procura de emprego no sector

A parte teórica, que terá carácter eliminatorio, consistirá nunha proba escrita de cincuenta (50) cuestións tipo test, cunha soa resposta válida, sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte.

Esta primeira parte da proba será puntuada de cero a dez puntos. Cada resposta correcta sumará 0,2 puntos, restando as incorrectas 0,1 puntos, as respostas en branco nin sumarán nin restarán puntuación. Para superar a proba debe obterse unha puntuación igual ou superior a cinco puntos. As persoas que non superen a primeira parte da proba serán cualificadas cun cero nesta segunda parte.

O alumnado que supere a primeira parte da proba realizará unha segunda proba, tamén de carácter eliminatorio, e consistirá no desenvolvemento de cinco (5) supostos prácticos que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte.

Esta segunda parte da proba será puntuada de cero a dez puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.



#### 4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

##### 4.a) Primeira parte da proba

A parte teórica, , consistirá nunha proba escrita tipo test sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte. O alumno disporá para a realización desta proba dun máximo de dúas horas e deberá vir provisto, únicamente, de bolígrafo negro ou azul e calculadora non programable, así como presentar documento acreditativo de identidade oficial (DNI)

O alumnado que supere a primeira parte da proba realizará unha segunda proba.

##### 4.b) Segunda parte da proba

O alumno disporá para a realización desta proba dun máximo de dúas horas e deberá vir provisto, únicamente, de bolígrafo negro ou azul e calculadora non programable, así como presentar documento acreditativo de identidade oficial (DNI)